




RÍO CONHO-ROCALVA (Serra do Gerês)

Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2016




Distancia: 15 km (ida e volta)
Dificultade: alta

Unha camiñada para coñecer un dos moitos e fermosos lugares da Serra do Gerês (dentro do Parque Nacional e Reserva da Biosfera), o espazo Rocalva, Roca Negra, Caução.

PERCORRIDO

Desde o parque de estacionamento de vehículos que se atopa un pouco despois de cruzar a ponte do río Arado, no acceso á fervenza, séguese a pista ata **Tribela**, un cruzamento de camiños sinalado con ese nome, alí collemos o da esquerda, que remata enseguida para facerse un carreiro, e por el baixamos ao **río Conho**. Neste curto traxecto atopamos uns grandes e grosos érbedos, e mesmo ao cruzar o río pola ponte de madeira o máis fermoso de todos eles. Guiados polas mariolas remontamos o curso do río; ao longo do percorrido iremos atopando pequenos saltos e pozas, entre os que destaca o **Pozo Azul**; abrigos de pastores (casarotas), novos e antigos; boas sobreiras e fermosos carballos; sanguiños de bo porte e ata algún teixo, tendo sempre ao fronte a impresionante masa granítica do **Caução** ou **Cotelo das Pías**. Debaixo do Caução, onde o río se bifurca, collemos cara á dereita e subimos a encosta ata acadar a divisoria de augas. Subir costa, pro chegar paga a pena; o maxestuoso escenario que se descubre do outro lado recompensa do esforzo. Desde aquí, á esquerda xa descubrimos o principal obxectivo da viaxe. Un traxecto case chan, comparado co que acabamos de superar, lévanos ao **Curral da Rocalva**, un fermoso prado, braña e turbeira onde podemos descansar e gozar plenamente do que se ofrece á vista. Aínda que desde onde estamos nos pareza inexpugnable, é posible subir ao cume da **Rocalva** se a rodeamos e o facemos pola parte de atrás.

Co obxectivo conseguido xa só queda botarlle a todo unha última ollada e volver. A volta pódese facer polo camiño da ida ou buscar unha nova ruta. Cruzando o rego do Curral da Rocalva e camiñando pola beira do prado entre a **Roca Negra** e o Caução, logo descubrimos as mariolas que por un carreiro pouco visible e bastante pendente nos levan ata preto dun abrigo de pastores onde, despois de cruzar o regueiro, comezaremos a subida ata a **Arrocelá**. Desde alí, seguindo as mariolas cara ao sur, hai varios itinerarios que van saír á pista pola que fixemos o achegamento a Tribela, e por ela volvemos ao punto de partida. Desde o pé da Arrocelá, xusto no punto desde o que se ve de fronte o tramo en costa que fixemos para subir ao alto, podemos guiarnos polas mariolas da dereita que seguen o curso dun regueiro, afluente do **río Arado**, e por el baixar ata a zona da fervenza e saír polo camiño que leva a ela e á pista ao pé da ponte preto do estacionamento.




Ponte das Servas



Érbedo á beira do río Conho



Sobreira e unha fermosa mariola que indica a ruta



Carballo



Casarota



Sanguinho



Río Conho



Poço Azul no río Conho



Vista de frente na subida do rio Conho (á esquerda a Roca Negra e á direita o Caucão)



O Caucão



Vista cara abaixo do val do Rio Conho coa Arrocela ao fundo á esquerda



Val do rio Conho desde a Arrocela, co Caucão á esquerda



Vista desde os cumes cara ao leste



Halimium umbellatum



O Caucão



Curral da Rocalva



Casarota no
Curral da Rocalva




Unha das primeiras vistas da Rocalva



O Curral da Rocalva entre os cumes da Roca Negra (esquerda) e Rocalva (direita)




Roca Negra




Rocalva



O cume do Caucão (à direita)



Turbeira nas fontes do rio Conho



Penedos no Curral da Malhadoura